

VIXILANCIA DA SAÚDE

ONDE SE FAI A ANALÍTICA E O RECOÑECIMENTO

CENTROS MÉDICOS CUALTIS		TLF
VIGO Campus	Campus Lagoas-Marcosende. Edificio Filomena Dato, planta baixa.	986 81.34.51
VIGO Cidade	Rúa Padre Seixas, 34 baixo	986.24.74.68
PONTEVEDRA	Paseo de Colón, 7	986.86.64.90
OURENSE	Rúa Nova, 9-11	988.39.28.20

Para a realización nun campus diferente ou cidade distinta ao do seu centro de traballo, deberá poñerse en contacto co Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

ONDE SE PIDE CITA

A cita se solicitará na páxina de CUALTIS. O acceso só será posible co enlace personalizado difundido para cada campaña no aviso publicado polo SPRL

- [Guía para a solicitude de cita](#)

ANÁLISE DE SANGUE

- Acudir en xaxún de 4 horas.
- Pode tomar a súa medicación habitual con auga.
- Comunique ao equipo médico calquera dato que considere de interese: se está a tomar medicamentos, se está embarazada, se está a facer algunha dieta, se padece algunha enfermidade, etc.

RECOLLIDA DA URINA

- Os recipientes para recollida de urina pode solicitalos na conserxaría do seu centro de traballo.
- Recolla a primeira urina da mañá no vaso branco, rexeitando o primeiro chorro.
- Verter a urina do vaso no tubo transparente ata completar aproximadamente as $\frac{3}{4}$ partes do tubo.
- Pechar o tubo premendo o tapón e limpar o exterior do tubo.

OUTROS ASPECTOS DE INTERESE

- Deberá acudir co DNI.
- Se utiliza lentes, debe facer o recoñecemento médico con eles postos.
- Solicítase a máxima puntualidade.